


ALEXANDRA CABANA OUTEIRO

Bibliografía



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



Bibliografía



ALEXANDRA CABANA OUTEIRO

Premio extraordinario de licenciatura no 2001, é doutora en historia pola Universidade de Santiago de Compostela coa tese *Santiago de Compostela do século XIV ó XV: O Tombo H da Catedral de Santiago, edición e estudio histórico*, especialista en paleografía e documentación medieval.

Autora, entre outras obras, do libro *O Tombo H da Catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397* (VI Premio Ferro Couselo de Investigación no ano 2001), e os artigos «Sobre a invención de santa Froila», «O tomo H da catedral de Santiago: noticia dun libro-rexistro medieval», «Xoias e Cores: léxico galego baixo medieval no Tombo H da Catedral de Santiago» (con Maite Veiga Díaz) ou «A casa gótica de Ludeiro. Notas históricas, descrición e colección documental dun pequeno pazo do século XV non catalogado».

Implicada activamente na divulgación da historia e do patrimonio cultural, foi vicepresidenta da Asociación Galega de Historiadores (AGH) e é fundadora e coordinadora de Murguía. Revista Galega de Historia, nacida en 2003. Ten colaborado con distintas empresas e organismos (DeHistoria, Caixavigo, Concellos de Santiago, de Monterroso e de Lugo) na creación de exposicións, elaboración de guías e roteiros.

Dentro dunha vontade integradora entre as disciplinas histórica e paleográfica e a filloxía, desde o ano 2003 ó 2006 foi formante, como paleógrafa, do equipo de investigadores do proxecto Xelmírez (Corpus Romance da Galicia Medieval) (TMILG) do Instituto da Lingua Galega.

OBRAS INDIVIDUAIS

- *Tombo H da Catedral de Santiago. Documentos anteriores a 1397*, Valga, Concello de Valga, 2003 (VI Premio de Investigación 2001 Xesús Ferro Couselo).
- *O Tombo H. Edición e estudo*, Santiago de Compostela, Asociación Galega de Historiadores, 2007.
- *A Ofrenda do Reino de Galicia ó Santísimo Sacramento (estudo introdutorio)*, Lugo, Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, 2004.

OBRAS COLECTIVAS

- *Actas da VIII Semana Galega de Historia Galicia Mare Nostrum: A Importancia do Mar en Galicia*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 2001.
- *Monterroso na Ulloa, Monterroso*, Concello de Monterroso, 2001; en colaboración con Darío Xoán Cabana.
- *Actas do IX e X Congreso de Novos/as Historiadores/as*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 2002.
- «O tomo H da catedral de Santiago: noticia dun libro-rexistro medieval» en *Homenaje a José García Oro*, Santiago, Universidade, 2002, pp. 49-63.
- *250 anos das Feiras do San Froilán, Lugo*, Concello de Lugo, 2004; en colaboración con Mercedes Vázquez Bertomeu e M^a Pilar Rodríguez Suárez.

ARTIGOS EN ACTAS DE CONGRESOS

- «A casa de Ludeiro. Noticia dunha casa gótica en Monterroso (Lugo)» en *Historia Nova IX e X. IX e X Congreso de Novos/as Historiadores/as*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 2000, pp. 281-285.
- «Xoias e Cores: léxico galego baixo medieval no Tombo H da Catedral de Santiago» en *Historia Nova IX e X. IX e X Congreso de Novos/as Historiadores/as*, Santiago, Asociación Galega de Historiadores, 2002, pp. 281-285; en colaboración con Maite Veiga Díaz.
- «Parámetros para o estudo da introdución do romance na documentación notarial galega» en Ana Isabel Boullón Agrelo (editora), *Na nosa lymgoage galega: a emerxencia do galego como lingua escrita na Idade Media*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, [Sección de Lingua] e Instituto da Lingua Galega, 2007, pp. 129-157; en colaboración con Ricardo Pichel Gotérrez.

ARTIGOS EN REVISTAS

- «Sobre a invención de santa Froila» no *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, nº 7, 1995-96, v. I, pp. 251-260.
- «Documentos do arcebispo Xoán García Manrique no Tombo H da Catedral de Santiago» en *A Trabe de Ouro*, nº 46 (Abril-Maio-Xuño 2001), pp. 241-257.
- «Documentos arcebispais no Tombo H da Catedral de Santiago: Gómez Manrique e Lopo de Mendoza» en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo L, nº 6 (2003), pp. 79-89.
- «A casa gótica de Ludeiro. Notas históricas, descrición e colección documental dun pequeno pazo do século XV non catalogado» en *Murguía. Revista galega de historia*, nº 1 (maio-agosto 2003), pp. 35-54.
- «A lingua que veu de fóra. A creba do galego no 1500» en *Murguía. Revista galega de historia*, nº 9 (xaneiro-abril 2006), pp. 69-83.
- «O Padre Feixoo e as reflexións arredor das linguas» en *Murguía. Revista galega de historia*, nº 17/18 (setembro 2008-abril 2009), pp. 9-21.
- «A memoria histórica e a rede» en *Murguía. Revista galega de historia*, nº 19/20 (maio-decembro 2009), pp. 153-155.

